

Máis de 500 comercios galegos impulsan medidas de modernización tecnolóxica co apoio de Economía e Industria

A Consellería vén de conceder axudas por preto de medio millón de euros coas que se contribúe á mellora competitiva do comercio de proximidade a través da incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación e o fomento do comercio electrónico. Finánciase ata o 75% do custe das actuacións, entre as que destacan a adquisición de equipamento tecnolóxico e a creación de páxinas web.

Santiago, 7 de decembro de 2013.- Máis de 500 comercios de proximidade galegos están a impulsar medidas de modernización tecnolóxica co apoio da Consellería de Economía e Industria, que vén de resolver o programa de axudas por preto de medio millón de euros para contribuír á mellora competitiva do comercio de proximidade a través da incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación.

O obxectivo principal desta iniciativa céntrase no fomento do uso de Internet e a venda on line, que facilitará aos comercios unha mellor atención ao público coa fin de incrementar as súas vendas.

Entre as accións que se apoian destacan a creación de páxinas web para favorecer o acceso do público ao produto a través do comercio electrónico, con máis de 160 actuacións, ou a adquisición de equipamento tecnolóxico ou software de xestión. As axudas comprenden o 70% das actuacións subvencionables, porcentaxe que chega ata o 75% no caso de establecementos comerciais situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e para comerciantes ambulantes.

A posta en marcha deste programa forma parte da estratexia integral da Xunta de apoio á mellora competitiva do comercio de proximidade, que se centra en aspectos como o impulso ao asociacionismo, o apoio aos concellos na renovación das infraestruturas comerciais ou a dinamización comercial.

Datos de contacto:

Nota de prensa publicada en:

Categorías: [Galicia](#)